

**ADAPTACIÓN DA
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020**

CEIP DE SAN CLODIO – RIBAS DE SIL.

MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL.

Cursos: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

12 de maio de 2020.

ÍNDICE

<i>ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA</i>	2
<i>1. RELACIÓN DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES RELATIVOS AOS CURSOS DE 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA E Á MATERIA DE EDUCACIÓN MUSICAL.</i>	2
<i>EDUCACIÓN MUSICAL 1º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA</i>	3
<i>EDUCACIÓN MUSICAL 2º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA</i>	4
<i>EDUCACIÓN MUSICAL 3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</i>	5
<i>EDUCACIÓN MUSICAL 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</i>	6
<i>EDUCACIÓN MUSICAL 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</i>	7
<i>EDUCACIÓN MUSICAL 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</i>	8
<i>2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN</i>	9
<i>3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO E REPASO)</i>	11
<i>4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE</i>	13

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Atendendo ao establecido nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, recollemos neste informe unha adaptación dos puntos fundamentais da nosa programación didáctica, atendendo ás directrices recollidas nas anteditas instrucións: "centrar as actividades lectivas do derradeiro trimestre nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían desenvolver os alumnos e as alumnas" (...) "Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado" (...) "A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente".

1. RELACIÓN DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES RELATIVOS AOS CURSOS DE 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA E Á MATERIA DE EDUCACIÓN MUSICAL.

Adaptación Programación Didáctica. Curso 2019/2020. 3ª Avaluación.
Ceip de San Clodio – Nuria Campo Campo

EDUCACIÓN MUSICAL 1º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.	CECC CAA CD
B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados. EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	CCEC CMCCT CAA CSC
B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronunciacións interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	CCEC CSC
B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	CCEC CMCCT
B3.1. Realizar pequenas coreografías.	EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	CCE CSC
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	CCEC

EDUCACIÓN MUSICAL 2º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.	CECC CAA CD
B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.	CCEC
B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados. EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	CMCCT CCEC CSC CAA
B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronunciacións interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	CCEC CAA
B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	CCEC CMCCT
B3.1. Realizar pequenas coreografías.	EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	CCEC CSC
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	CCEC

EDUCACIÓN MUSICAL 3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	CCL CCEC
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais	CCEC CAA
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.	CCEC CSC
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	CCEC CAA
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CCEC CAA CMCCT

EDUCACIÓN MUSICAL 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	CCL CCEC
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	CAA CCEC
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.	CCEC CAA CSC
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	CCEC CAA CSIEE
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CCEC CAA CMCCT

EDUCACIÓN MUSICAL 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, reconecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.	EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	CCL CCEC
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.	EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	CCEC CMCCT
B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).	CCEC CAA
B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.	CCEC CAA
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	CCEC CAA
B3.1. Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico.	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CCEC CSC CAA CMCCT

Adaptación Programación Didáctica. Curso 2019/2020. 3ª Avaluación.
Ceip de San Clodio – Nuria Campo Campo

EDUCACIÓN MUSICAL 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.	CCEC CAA CCL
B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.	EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.	CCEC CAA
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.	CCEC CAA CD
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.	EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras. EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.	CAA CCEC CSC

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

As instrucións, recollen o seguinte sobre a avaliación:

- "A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas".
- "Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado".
- "A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo en todas as etapas, ciclos e ensinanzas, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado".

Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis, seguirán sendo os que xa se tiveron en conta na primeira e segunda avaliación.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: A avaliación será continua. Priorizaranse os resultados obtidos polos/as alumnos/as nas dúas primeiras avaliacións e valorarase tamén o esforzo e o interese amosado polo alumno/a na realización das tarefas desta terceira avaliación.

	<p>Instrumentos:</p> <p>Empregaranse os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">• - As cualificacións das dúas primeiras avaliacións.• - Revisión dos traballos realizados polos alumnos/as durante o terceiro trimestre.• - Información facilitada pola familia durante este período de tempo que servirá para ir valorando o desenvolvemento do alumno/a.
Cualificación final	<p>A cualificación final calcularase en base ás seguintes porcentaxes:</p> <p>1ª Avaluación: 40%</p> <p>2ª Avaluación: 50%</p> <p>3º Avaluación: 10%</p> <p>A cualificación final do curso coincidirá coa da terceira avaliación por ser unha avaliación continua.</p> <p>Os alumnos/as promocionarán ao curso seguinte, como norma xeral, independentemente do número de áreas ou materias que teñan pendentes.</p>
Alumnado de materia pendiente	<p>Non hai alumnado que teña esta materia pendiente.</p>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO E REPASO)

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades propostas aos alumnos/as, diseñadas e seleccionadas especificamente, son variadas, globalizadoras, graduadas na súa dificultade e parten de situacións da vida cotiá.</p> <p>Lectura de diferentes tipos de textos.</p> <p>Actividades de comprensión oral e escrita.</p> <p>Produción de textos escritos.</p> <p>Actividades de razoamento e resolución de problemas.</p> <p>Actividades de reforzo e de ampliación.</p> <p>Visionado de vídeos.</p> <p>Observación de imaxes.</p> <p>Actividades de búsqueda de información.</p> <p>Xogos interactivos.</p> <p>Actividades de autoavaliación.</p> <ul style="list-style-type: none">• Tamén se elaboran actividades específicas adaptadas ás características daqueles alumnos/as con necesidades educativas especiais.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O traballo planifícase coa intención de permitir aos alumnos/as e ás familias unha organización máis flexible seguindo o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.</p>

	<p>As tarefas propostas teñen como finalidade a aprendizaxe significativa dos alumnos/as, manter a súa motivación, favorecer o logro dos seus éxitos e a interacción coa familia.</p> <p>Todas estas tarefas preséntanse de forma organizada e secuencial, facilitando a explicación e o recordo dos contidos con exemplos e axudándoos nos pasos a seguir en cada proceso para mellorar a autonomía e a autoestima do alumnado.</p> <p>As tarefas publícanse na aula virtual a onde acceden alumnado e familias. Á maioría de actividades son prácticas, interactivas e de autoavaliación.</p> <p>No que se refire á publicación de novas tarefas, séguese o ritmo de traballo do alumnado, para non cargalos dunha cantidade excesiva de actividades.</p> <p>A maior parte do alumnado dispón de acceso á Internet. No caso do alumnado que non ten posibilidade de acceso a estes medios, contamos coa colaboración do Concello de Ribas do Sil, en particular coa intervención da Concellería de Servizos Sociais, quen se encarga de imprimir e facer chegar o material ao alumnado máis disperso, así como de remitirullo ao profesorado para a súa revisión.</p>
Materiais e recursos	<p>Utilízanse recursos variados que faciliten a comprensión dos contidos e a resolución das actividades programadas.</p> <ul style="list-style-type: none">• - Fichas de reforzo.• - Fichas de autoavaliación.• - Xogos interactivos.• - Recursos Tic como fonte de información.• - Vídeos educativos.• - Lecturas relacionadas cos diferentes contidos.• - Correo electrónico.• - Aula virtual.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Dende o inicio desta crise, alumnado e familias son informados semanalmente a través da aula virtual, correo electrónico, páxina web do centro e telefónicamente.
Publicidade	Publicarase na páxina web do centro e na aula virtual.